



Informa

Sindicato de Traballadoras e
Traballadores do Ensino de Galicia

Outubro 2004

INICIO DE CURSO así comeza o 2004/05

Calendario Escolar: En Galicia "avantaxamos" até en 16 días lectivos aos centros de Bacharelato cántabros.

A Volta ao Cole: Unha familia con dous fillos matriculados no ensino non-universitario pode chegar a gastar unha media que vai desde os 900 aos 2100 €.

Gratuidade da Infantil: a Xunta esixe a figura do acompañante só nunha das liñas de transporte escolar por cada CPI (son 70 os centros públicos integrados, entre os máis de 1000 que acollen alumnado destas idades).

Atención á diversidade: novas medidas (fragmentación de curso) que se poderán implementar este ano na ESO; a casuística e regulamentación da diversidade en Galicia é xa exhaustiva. Cal é o truco?: férreo control dos cadros de persoal, nin un só profesor máis nos centros.

Implantación do Inglés: é das medidas que a LOCE nos deixou; as cc.aa. apresúranse a estender os proxectos de anticipación en 1º ciclo e Infantil a todos os colexios: pero en Galicia agora non hai présa.

Calidade educativa: asínanse contratos o mesmo día do inicio de curso, os cambios de provincia "gratificanse" con un mes sen cobrar, proliferan as prazas de media xornada, repártense interinidades por teléfono despois de que moitos interinos tivesen que escoller unha substitución,...

Novos catálogos Infantil-Primaria: aínda que o ano pasado se pecharon 103 escolas en Galicia, en xullo deste ano "houbo que pechar" outras 15, ademais de 85 unidades e de suprimir 117 postos de traballo.

INFANTIL 3-6 gratuidade e/ou concertación

Cando as incongruencias se encadean o que sucede é que se incrementan as discriminacións. As consecuencias, como sempre, sófrenas as persoas máis débiles, neste caso o alumnado do medio rural.

Unha das poucas medidas que o actual goberno mantivo da Lei de Calidade foi a gratuidade da educación Infantil, ampliándoa aos centros concertados. Con todo, está a supoñer outra medida máis de discriminación para o alumnado do medio rural e **unha aposta clara das administracións educativas polo ensino privado-concertado, facilitándolles a captación de alumnado xa desde a Infantil.** Esta medida, na práctica, resulta moito

máis discriminatória se temos en conta que **a Xunta está a dilatar o compromiso de poñer acompañante no transporte escolar:** este ano, e de xeito testemuñal, coloca acompañantes nun só itinerario por cada Centro Público Integrado. Polo tanto, **a plena gratuidade para o alumnado de 3 anos só é real nas cidades, pois os que requiren ser transportados non poderán disfrutar da gratuidade por falta de acompañante...**

Por certo, quen a elixe, por que procedemento se escolle, con que perfil profesional, a figura do acompañante no transporte escolar?

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE materia pendente

A diversidade das aulas é cada vez máis diversa, disimulada a redundancia. As necesidades educativas especiais por razón de "contexto familiar, social ou cultural, historia educativa e escolar, condicións persoais asociadas, discapacidades psíquicas, motoras ou sensoriais, sobredotación intelectual,..." tal e como as define a Consellaría, véñse sumar unha nova diversidade máis, a do alumnado procedente do estranxeiro, con coñecemento ou non dalgunha das linguas oficiais da comunidade. Mais para toda (ou case) a ampla casuística de posibilidades ten a nosa Consellaría medidas e medidas publicadas en DOG, circulares e libríños, e aínda permite que as CCP en cada centro poidan deseñar outras medidas diferentes. **Iso si,**

todo sen investimento ningún.

Así, fican en papel mollado folios e máis folios de explicacións sobre agrupamentos de linguas, de desfase curricular, que non se poden aplicar por falta de profesorado nos centros, pois **a política da Consellaría neste tema é que se pode implementar todo se non supón incrementos no cadro de persoal,** política esta que acaba convertendo en mera burocracia o papel dos departamentos de orientación, as comisións de coordinación pedagóxica, etc., que planifican, avalían, informan, sempre para obter a mesma resposta: *medida rexeitada por falta de profesorado para aplicala.*



A EDUCACIÓN valor e prezo

Di o dicionario que o VALOR é unha cualidade ou conxunto de cualidades que fan que unha cousa sexa prezada. O PREZO, en cambio, é a cantidade de diñeiro que é preciso dar a cambio da obtención dunha cousa.

Ao Ensino todos lle supoñemos un grande valor, mais poucos gobernos están dispostos a pagar moito diñeiro por el. "O investimento en Educación é a mellor aposta polo futuro dun País", din os líderes políticos. E os cidadáns votámoslos.

En resumo, se de verdade lle damos valor á Educación, teremos que investir nela. É o capital dos que non temos capital privado.

- 2
Profesorado interino
STEG Muller
- 3
Formación Profesional
- 4
Nova reforma educativa:
resumo dos cambios
Para saber máis...

O STEG segue apoiando ao profesorado interino

Un ano máis, a Consellería segue sen solucionar o problema do profesorado interino que ano tras ano se queda sen traballo. Este é un curso especialmente difícil xa que son 242 os membros deste colectivo que se quedan sen traballo. Isto supón o 10% do profesorado interino. Debemos lembrar que este colectivo presenta unha media de 5 anos de experiencia, pero onde hai compañeiras e compañeiros con máis de 15 anos de docencia.

Por outra banda, debemos resaltar que o profesorado interino representa máis do 8% do total do profesorado galego. Unha cifra excesivamente alta se nos atemos ao que a Lei da Función Pública di en canto á contratación do funcionariado interino. Todo isto ten unha fácil explicación, á Consellería interésalle ter unha forte bolsa de interinas e interinos xa que a este colectivo non se lle reconece a antigüidade, non cobra trienios, non cobra sexenios e non ten acceso a moitas das axudas do Fondo de Acción Social. **A Consellería aforra unha grande cantidade de diñeiro a costa de ofrecer un traballo precario.**

Pero esta non é a única dificultade coa que se atopa este colectivo. **Cada curso teñen que impartir as afíns máis dispaes, tanto, que a palabra afin perde o seu significado nalgún dos casos.** E isto sucede despois duns anos nos que a "calidade" parecía que era a meta a perseguir no ensino que deseñaban os nosos gobernantes. Nada máis lonxe da realidade.

Un ano máis tamén, o STEG segue apoiando a este profesorado, acompañándoo na súa loita por un traballo estable. O pasado 15 de setembro **estivemos diante de San Caetano protestando polos despidos, pedindo a estabilidade** nunha concentración fronte á Consellería de Educación. Isto último é o obxectivo que vimos perseguindo desde hai xa anos. Lembremos que **temos presentado unha proposta**

de Estabilidade para o profesorado interino, así como un cambio no acceso que nos levou a manifestarnos o pasado curso ante o Ministerio en Madrid. A proposta remata cunha equiparación en canto a condicións de traballo co resto do profesorado.

Acusóusenos de presentar unha proposta que rachaba o Acordo de 95 e a propia Consellería reconeceu que non era así, que non era incompatible con ese acordo. Pero iso sí, non accedeu a negociala. Por moito que en cada Mesa Sectorial se propoña tratar o tema do profesorado interino, a Consellería rexeita tal posibilidade. Unha mostra máis do pouco interese que ten por solucionar este problema.

Desde o STEG queremos manifestar que **seguiremos ao lado deste colectivo na procura da mellora das súas condicións de traballo e sobre todo dunha estabilidade merecida** por un profesorado con moitos anos de servizo ás súas espaldas.



STEG Muller

STEG pide a ampliación do permiso de maternidade a seis meses

O STEG solicitou novamente a **ampliación** na lexislación do permiso por maternidade para a nai **a 6 meses, en concordancia coas recomendacións facultativas e cos períodos de lactancia recomendados.** Actualmente estamos nos últimos postos da UE no que se refire a protección á maternidade. Só por iso deberíanse de producir importantes reformas que nos permitan ás nais e aos pais ter prestacións semellantes ás de outros países europeos.

Nos últimos anos, as mulleres estamos a lograr mudanzas na nosa situación social e laboral, porén, nin a sociedade nin a lexislación se están adaptando suficientemente a estes cambios, de forma que **o traballo doméstico e as responsabilidades familiares seguen recaíndo fundamentalmente en nós.** Por iso consideramos imprescindibles que tanto na sociedade como na lexislación se produzan modificacións substanciais para que as mulleres deixemos de padecer a Dobre Xornada que nos explota como persoas e nos limita como traballadoras. **Desde o STEG esiximos ás Administracións Públicas e representantes políticos, que respondan a este problema social, adoitando as iniciativas necesarias -medidas lexislativas, campañas mediáticas, etc.- para facer efectivos os dereitos das mulleres.**

O Consello Escolar do Estado aproba trece emendas de STEs-i sobre a Lei de prevención da violencia de xénero.

O Consello Escolar do Estado aprobou, na súa sesión de xuño pasado, trece das dezasete emendas presentadas pola Confederación de STEs-i, da que o STEG forma parte, en relación ao anteproxecto de Lei Orgánica Integral de medidas contra a violencia exercida sobre a muller.

No STEG pensamos que unha Lei Integral contra a Violencia sobre as mulleres é unha das medidas urxentes e necesarias para abordar o gravísimo problema da violencia de xénero, que posúe un carácter estrutural e global. Por iso mesmo, **a súa prevención e erradicación se deben de abordar desde múltiples dimensións, unha delas fundamental, a educativa. A supresión da linguaxe sexista** no que está elaborado o Anteproxecto, **a formación inicial e permanente do profesorado** en coeducación e prevención da violencia, a inclusión de **contidos sobre igualdade** entre homes e mulleres en todas as etapas educativas, **o carácter coeducativo e intercultural** que han de ter os **proxectos de centro**, (a través do cal se poderá evitar a nefasta división de alumnado en función do seu sexo que practican determinados centros, algúns dos cales son, para colmo, financiados con diñeiro público), **a eliminación** de contidos, imaxes e **estereotipos sexistas** dos materiais educativos..., son algunhas das emendas aportadas pola Confederación de STEs-Intersindical que foron aceptadas polo Consello Escolar do Estado, e que contribuirán notablemente a mellorar a futura Lei. A respecto da dotación económica, que o Anteproxecto contemplaba para outros capítulos da mesma, tamén **o Consello apoiou a nosa esixencia dunha memoria económica para o capítulo educativo**, que virá dar unha maior garantía para o seu cumprimento. En relación a outros ámbitos da Lei, aínda reiterando o noso apoio, consideramos que o Anteproxecto tamén se manifesta insuficiente. Unha reivindicación que os colectivos de mulleres colocaron como claramente necesaria, a creación dun Fondo de Garantía de Pagos de Pensións Impagadas, non se recolle. Agardamos que ao longo dos trámites aínda pendentes até a aprobación da mesma, se vexa enriquecida para que efectivamente contribúa a solucionar o gravísimo problema da violencia contra as mulleres.

NOVA PROPOSTA DE REFORMA EDUCATIVA

RESUMO DOS CAMBIOS

Educación Infantil

- Terá carácter educativo nos dous ciclos.
- As Administracións educativas garantirán a existencia de prazas suficientes nos centros públicos. O segundo ciclo poderá ser obxecto de concertos con centros privados.
- Estará a cargo de mestres especialistas en educación infantil, sen prexuízo da colaboración, no primeiro ciclo, de outros profesionais coa debida cualificación.
- O currículo de segundo ciclo deberá incorporar a aproximación á lecto-escritura dunha lingua estranxeira e tamén ao uso do ordenador.

Educación Primaria

- Informes individuais de avaliación que recollerán as dificultades detectadas e as propostas previstas para resolvelas: grupos flexibles, oferta de máis horas de traballo no centro, actividades complementarias, plano especial de reforzo para os meses de verán ou permanencia dun ano máis no mesmo ciclo.
- Elaboración dun informe individualizado ao remate de Primaria
- Avaliación de diagnóstico da evolución das aprendizaxes ao remate de 4º. O Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, elaborará modelos para a realización.
- Os centros educativos promoverán compromisos pedagóxicos entre as familias e a escola.

ESO

- Máximo de 8 disciplinas obrigatorias comúns.
- Ofrecerase unha segunda lingua estranxeira como materia optativa.
- Reforzo das titorías en 1º e 2º.
- Poderase repetir calquera curso. Máximo dúas repeticións na etapa.
- Avaliación de diagnóstico da evolución das aprendizaxes ao remate de 2º. O Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, elaborará modelos para a realización.
- División ou desdobre dos grupos en matemáticas e lingua estranxeira.
- Programas de diversificación curricular en 3º e 4º.
- Entre os 16 e os 21 anos, programas de iniciación profesional para os que non acaden o título de ESO.
- Creación de un Observatorio para o seguimento da educación intercultural.

Bacharelato

- Tres modalidades: artes, humanidades e ciencias sociais e unha terceira de ciencias e tecnoloxía.
- Nova materia de formación científica, común a todas as especialidades.
- Redución do nº de materias obrigatorias.

Acceso á Universidade

- Proba única ao remate do Bacharelato

Formación Profesional

- Impulso inmediato da *Lei das Cualificacións e da Formación Profesional*.

Valores

- Nova materia de Educación para a Cidadanía. En primaria impartíraa o titor ou titora en 3º Ciclo. En ESO encomendarase aos departamentos de Xeografía e Historia e Filosofía.

Relixión

- O ensino non confesional incluírase nos currículos de Xeografía e Historia, de Filosofía e de Educación para a Cidadanía.
- O ensino confesional das relixións será de oferta obrigatoria por parte dos centros, e voluntaria para o alumnado. A súa cualificación non computará a efectos académicos de cálculo de nota media, de acceso á universidade nin para a concesión de bolsas.
- Os centros atenderán axeitadamente ao alumnado que opte por non seguir ensinos confesionais.
- Os profesores de relixión deberán ter a debida titulación e habilitación. A contratación e as condicións de traballo destes profesores serán conformes cos dereitos fundamentais establecidos no Estatuto dos Traballadores.

Lingua estranxeira e novas tecnoloxías

- Lingua estranxeira a partir de 1º de Primaria. Impulsarase en Infantil.
- 2º idioma en 1º de ESO.
- Implantación progresiva de centros bilingües.

Profesorado

- A formación inicial do profesorado adaptarase ao novo modelo de graos e postgraus do espazo europeo.
- Novo Estatuto da Función Pública Docente
- A avaliación da práctica docente será fundamental para o desenvolvemento profesional do profesorado e terá efectos retributivos.
- Impulsarase a colaboración do profesorado de secundaria coas universidades no desempeño de funcións docentes a tempo parcial.

Os centros

- Todos os centros sostidos con fondos públicos participarán na escolarización equitativa do alumnado con dificultades.
- O Consello Escolar debe recuperar competencias e capacidade de decisión.
- Elección da dirección. A comunidade educativa terá un peso do 60%.
- Formación permanente para os cargos directivos en exercicio, cuxa superación será necesaria para a consolidación na función directiva.
- Os anos de traballo na dirección valoraranse como méritos preferentes para o acceso a outros postos da Administración educativa.

Fonte: MEC "Unha educación de calidade para todos y entre todos"

Decálogo de prioridades do STEG para un pacto polo ensino público

- 1 Derogación da LOCE e dos diferentes decretos que a desenvolven
- 2 Freo á privatización crecente do sistema educativo no Estado español
- 3 Garantía dunha educación pública de calidade para todas as persoas en idade escolar e para as persoas adultas que o desexen
- 4 A xestión democrática e a non xerarquización como base dunha escola participativa
- 5 Por unha escola laica: a relixión fora do currículo e do horario escolar
- 6 Unha escola que acabe con discriminacións sociais e de xénero e que proporcione ao alumnado os saberes necesarios para seren quen de comprender e transformar a sociedade na que viven
- 7 Unha escola con unha dupla vía de acceso á función pública docente
- 8 Aposta pola formación e a saúde no traballo
- 9 Unha lei que recoñeza a realidade plurinacional e lingüística do Estado español, así como a interculturalidade
- 10 Unha lei que recoñeza, en definitiva, que a escola pública é garante dunha sociedade máis xusta e que, en consecuencia, ofrezca os medios axeitados para logralo.

PARA SABER MÁIS

1- Estase a iniciar o trámite de **reforma da contra-reforma** educativa, tamén coñecida como LOCE, a nosa expectativa non é moi optimista, aínda que pode ser unha oportunidade para mellorar algún aspecto das últimas leis de ensino (a LOGSE e a LOCE), estade atentas e atentos á **nosa páxina web na que está colgado o proxecto de reforma e diversas propostas e opinións**. Por suposto, podes facernos chegar as túas aportacións.

2- O Consello Escolar do Estado na xuntanza de xullo, e a proposta da Confederación de STEs-i, á que o STEG pertence, **aprobou unha resolución no sentido de que a Formación Relixiosa desapareza dos currículos escolares**, declarando os acordos sobre ensino relixioso en centros públicos "claramente contraditorios" coa aconfesionalidade do Estado. A esta altura ningún cuestiona que é un dereito individual e constitucional a ensinanza da relixión que as familias confesen, iso si, en ningún dos casos se debe admitir nin supoñer que ese dereito se ten que exercer desde o currículo escolar e dentro do horario lectivo. Por iso pode ser unha extraordinaria actividade complementaria para quen a escolla, ou unha boa actividade para a fin de semana... Veremos que pasa con este tema na reforma que se está cocendo... O STEG e o Consello Escolar do Estado teñeno claro...

3- E falando de telo claro: **alguén se aclarou sobre canto nos van subir?** A Mesa Xeral da Administración do Estado, que só representa a os funcionarios de esa administración (500 mil dos case 2'5 millóns de empregados públicos), acordou **para os seus funcionarios** unha suba do 0,5% en concepto de aportación a fondos de pensións (eufemisticamente, "salario diferido"). O mesmo ocorre co 0,3% anunciada en concepto de produtividade e rendemento. Hai, por outra banda, un **incremento do 0,7% que se localiza nas pagas extras**, que si nos afectará. En definitiva: **prevese unha única suba real no salario mensual do 2%, isto é, a perda novamente de poder adquisitivo (o IPC interanual xa vai polo 3,3%)**.

4- Por certo, **a entidade que xestionará o Plan de Pensións da Administración Xeral do Estado** (iso que chaman *salario diferido*, que se corresponde co 0,5% da masa salarial dos empregados públicos) **será Gestión de Previsión y Pensiones (GPP)**. Segundo datos do rexistro mercantil na sección 3ª do tomo 8342, folio 30, folla 79746-2, a devandita sociedade está participada por tres accionistas: BBVA (70%), CCOO (15%) e UXT (15%).

PARA PENSAR...

STEG

web: www.stegsindicato.org

E-mail: steg@stegsindicato.org

Sedes:

A Coruña-Santiago

Avda. Rosalía de Castro, 29
Gal. Belén, local 209
15706 Santiago
Tfno. 981591939
corunha@stegsindicato.org

Lugo

r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B
27001 Lugo
Tfno. 982240066
lugo@stegsindicato.org

Ourense

r/Sto Domingo, 60.
Galerías Xesta, entrechán, local 1
3005-Ourense
Tfno. 988252323
ourense@stegsindicato.org

Pontevedra

r/ Gutiérrez Mella do, 3
Galerías Oliva, 1-3º
36001 Pontevedra
Tfno. 986857545
pontevedra@stegsindicato.org